



**esquerda unida**  
izquierda unida

*A revolución é un retorno do ficticio ao real  
(Os Miserables, Víctor Hugo )*

Prezada cidadá  
Prezado cidadán

**Hai un país invisible, que non ten reflexo nas institucións galegas, no Parlamento, hai un país ao que non se lle deixa falar e propoñer porque posúe a ousadía de imaxinar e a vontade de construír unha nación distinta e mellor, que sabe do valor da dignidade da persoa, da importancia dos dereitos económicos, sociais e culturais para traxer os vieiros do noso porvir. Ese país invisible merece ter un asento, ter unha voz propia no Parlamento de Galicia, na sede do poder galego.**

Agochado polos grandes medios de comunicación e situado extramuros do Hórreo, **ese país invisible sabe do valor do emprego estable e con dereitos para poder construír un proxecto de vida, para cohesionar no social o noso país. Ese país invisible recoñece que se pode vivir en harmonía coa fermosura da nosa terra sen devastala e depredala cunha práctica desenvolvista só atenta aos beneficios privados a curto prazo. Ese país invisible afirma a vontade de fornecer o noso autogoberno nacional e ampliar os dereitos sociais recollidos no Estatuto. Ese país invisible posúe unhas cualidades formidables para transformar o mesto orballo da resignación que os catro anos de lexislatura produciron tralo solpor do fraguismo.**

**A dignidade de recoñecermos cidadanía traballadora dunha nación que se quer libre require dun compromiso mutuo.** Sei que pesa a decepción destes anos, mais sabemos que a vosa participación e sufraxio é indispensable para transformar realmente o noso país no eido social, da sustentabilidade, e do autogoberno.

**Non nos imos conformar coas renuncias de tres partidos xunguidos pola política que só acepta unha única cor apenas con matices. Para crear emprego estable e con dereitos e conquistar unha saída social á crise. Para obter un novo Estatuto que amplíe dereitos e afirme a noso autogoberno nacional. Para defender uns servizos públicos universais e de calidade, creadores de emprego e benestar. Para preservar o noso territorio da voracidade destrutora do capital. Para construír unha cultura pola base e de carácter social, crítica, ferramenta de transformación social. Bimbios para facer realidade a feraz imaxinación dese**

país invisible ao que pertencedes. Para semellantes tarefas pídovos o voto e anímovos a seguir participando de xeito crítico na vida social da nosa nación logo do primeiro de marzo. Da nosa mobilización vai depender que a alternativa que representan as nosas políticas se faga visible. **Pídovos a vosa colaboración para espallar pola rede esta petición e superar deste xeito os muros do poder mediático e acadar que Esquerda Unida, que o país invisible do que formamos parte entre no Parlamento Galego.**

Trátase, en resumo, de **darlle unha oportunidade á esperanza desde país crítico, lúcido, insubmiso -ese país invisible-** que, ao abeiro da risa e da transgresión do entroido, traballa de cotío arreo para sermos libres e xustos nos anuncia, en sixilo pero coa firmeza invencible dunha historia secular, que os tempos son chegados.

Grazas pola vosa atención e a vosa confianza.



Asdo. Yolanda Díaz Pérez